



Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
sede.ponteceso.gal  
www.ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

**CONCELLO DE PONTECESO**  
**Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA**  
**01-08-2022**

No salón de Plenos da Casa do Concello de Pontevedra (A Coruña) ás 10:21 horas do día 01 de agosto de 2022, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Xosé Lois García Carballido, reúnese, en primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local co obxecto de celebrar a sesión ordinaria convocada en legal forma para o día da data.

**ASISTENTES:**

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE**

D. XOSÉ LOIS GARCÍA CARBALLIDO

**SRES. CONCELLEIROS/AS PRESENTES.-**

D<sup>a</sup>. NOELIA MARÍA VARELA SUÁREZ (asistencia telemática)

D<sup>a</sup> MARÍA TERESA CHOUCIÑO CALVETE

**SECRETARIA EN RÉXIME DE ACUMULACIÓN DE FUNCIONS:** D<sup>a</sup>. MARÍA CRISTINA VARELA GARCÍA (asistencia telemática)

A presidencia, tras comprobar que se cumpre o quórum legalmente exigido polo artigo 113.1.c) do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria e que se indican a continuación:

**1.- Lectura e aprobación, se procede, do borrador das actas das sesións anteriores. Acta da sesión ordinaria celebrada o 20-06-2022**

Pola presidencia pregúntase aos asistentes se hai algunha observación.

Ao non formularse ningunha, enténdese aprobada por unanimidade.

**2.- Contratacións**

**2.1. Aprobación do proxecto “Subministración de equipos para a Edar de Pazos e a de Pontevedra” e inicio do expediente de contratación [2022/C005/000001](#).**

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 29-07-2022, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**ASUNTO: APROBACIÓN DO PROXECTO “SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS PARA A EDAR DE PAZOS E A DE PONTECESO” E INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN\_2022/C005/000001**

Logo de ver o proxecto “**SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS PARA A EDAR DE PAZOS E A DE PONTECESO**”, redactado por Pablo Rojo Losada. Enxeñeiro Técnico Industrial Col. Núm. 2.525, cun orzamento de execución por contrata de 42.284,30 euros, Ive incluído, e cun prazo de execución de 11 semanas.

Logo de ver os informes que obran no expediente emitidos polo técnico municipal sobre dispoñibilidade de terreos, así como análise do proxecto e autorizacións previas necesarias emitidos na data de 22-02-2022 e a acta de replanteo previo a aprobación asinada polo redactor do proxecto na data de 29-06-22.

O obxecto deste proxecto é o evitar a degradación e a deterioración ambiental. Garantir o correcto funcionamento dunha EDAR é de gran importancia para evitar que a contaminación das augas residuais que proveñen dunha poboación ou industria poida provocara degradación e o deterioro no ambiente que a rodea, e dar cumprimento aos parámetros e recomendacións de Augas de Galicia. A substitución dos equipos existentes é unha evidente necesidade pois se encontran ao final da súa vida útil e non cumpren as normativas de aplicación. O Concello de Ponteceso non ten posibilidade de acometer isto con medio propios, tanto humanos como técnicos, polo que se debe tramitar un contrato mixto de subministro-obra segundo o proxecto redactado por D. Pablo Rojo Losada, presentado e en base ao cal se lle outorgou a subvención referida.

Para os efectos previstos no artigo 233 da da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, no Proxecto de obras elaborado consta o correspondente prego de prescricións técnicas particulares, onde se detallou a descrición das obras, regulándose a súa execución, con expresión da forma en que esta levará a cabo, as obrigacións de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira en que levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.

Así mesmo, e de conformidade co previsto no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, a necesidade do presente contrato vén motivada pola conveniencia da substitución dos equipos existentes, ao estar ao final da súa vida útil e non cumprir as normativas de aplicación, e o Concello de Ponteceso non ten posibilidade de acometer isto con medios propios, tanto humanos como técnicos, polo que se debe tramitar un contrato mixto de subministro-obra segundo o proxecto redactado por D. Pablo Rojo Losada, presentado e en base ao cal se lle outorgou a subvención referida.

Logo de ver o disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta Alcaldía entende necesario proceder á execución das obras e subministros “**SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS PARA A EDAR DE PAZOS E A DE PONTECESO**”, trátase dun contrato mixto por conter prestacións propias de dous contratos, subministración e obras e atoparse ambas as prestacións directamente vinculadas entre si, mantendo unha relación de complementariedade que esixe a súa consideración e tratamento como unha unidade funcional, o réxime xurídico e as normas que rexerán a adxudicación, son as normas do contrato de subministracións, por ser esta a prestación principal, e a obra de adecuación e instalación a accesoria. Todo iso en virtude do disposto nos artigos 18 e 34.2 da Lei de Contratos do Sector Público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE (LCEur 2014\535) e 2014/24/UE, de 26-2-2014 (LCEur 2014\536).

Logo de ver a retención de crédito practicada pola Intervención Municipal na data de 22-06-2022 polo importe de 42.284,30 euros, con cargo á partida orzamentaria 2022.160.62300, código de

proxecto 2022 2 22T 1, que garante o crédito suficiente para a licitación e execución da obra segundo o precitado proxecto.

Logo de ver o disposto no art. 21.1.o) da Lei 7/1985, de 2 de abril, o cal atribúe á Alcaldía a competencia para “La aprobación de los proyectos de obras y de servicios cuando sea competente para su contratación o concesión y estén previstos en el presupuesto”. O dito artigo refírese á existencia de crédito no orzamento, ou dito doutra maneira, a que haxa cobertura orzamentaria para facer fronte a ese gasto. A Disposición adicional segunda da LCSP establece que a competencia para contratar será do Alcalde cando o importe do contrato non exceda o 10% dos recursos ordinarios, en caso de que exceda a competencia é do Pleno. O valor estimado do proxecto é de 34.945,70 euros.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal o 28-07-2022, respecto do órgano competente para a aprobación do proxecto de obras.

De conformidade coa resolución de alcaldía pola que se aproba a prórroga orzamentaria do orzamento do exercicio 2020 para o exercicio 2022 os recursos ordinarios ascenden a 4.721.026,17 € (sumatorio das previsións iniciais dos capítulos 1 a 5, ambos inclusive, do orzamento de ingresos), polo que o Alcalde é o órgano competente para a tramitación dos contratos ata o importe de 472.102,62 € e cunha duración (incluídas as prórrogas) de ata 4 anos. Polo que o órgano competente para a aprobación do proxecto será o Alcalde.

Considerando que a sobredita competencia atribuída a alcaldía polo artigo 21.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, de Bases de Réxime Local, e a resolución de alcaldía de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local, núm. 374/2019, do 26-06-2019.

Elevo á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto denominado “**SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS PARA A EDAR DE PAZOS E A DE PONTECESO**”, redactado por Pablo Rojo Losada, Enxeñeiro Técnico Industrial Col. Núm. 2.525, cun orzamento de execución por contrata de 42.284,30 euros, Ive incluído, e cun prazo de execución de 11 semanas.

**Segundo.-** Iniciar o expediente de contratación “**SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS PARA A EDAR DE PAZOS E A DE PONTECESO**”, Expediente\_2022/C005/000001, polo procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159.6 da LCSP, e que polo T.A.X.-Coordinador Xeral se proceda a redacción do prego de cláusulas administrativas, emisión dos informes preceptivos, así como os preceptivos de Secretaría e Intervención.

**Terceiro.-** Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

O alcalde

Xosé Lois García Carballido”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

## **2.2. Adxudicación do Servizo de Axuda no Fogar. Expte. 2021/C004/000001.**

Dase conta da proposta da Alcaldía de data 29-07-2022, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE <<SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE PONTECESO. EXPEDIENTE 2021/C004/000001 >>**

**ANTECEDENTES**

O Concello de Ponteceso presta o servizo de axuda no fogar mediante contrato de servizos por medio da adxudicación á empresa ATENDO CALIDADE, cun contrato administrativo formalizado no ano 2018, vencido na actualidade.

Trátase dun servizo esencial que require un importante número de persoal para a súa prestación. A xestión do persoal por parte do Departamento de Servizos Sociais deste concello sería inviable, posto que dito Departamento conta só con dúas traballadoras sociais. O traballo a desenvolver conleva a dedicación exclusiva dunha equipa de persoas que ademáis conten con experiencia na realización desas tarefas e se atopen inscritos no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, para o programa de axuda no fogar.

Este concello carece de medios persoais para prestar estas actividades con persoal propio, de xeito que a única opción para prestar este servizo e así dar continuidade de atención ás persoas usuarias é a súa contratación cunha empresa suficientemente capacitada.

Esta Alcaldía entende que o servizo de axuda no fogar (S.A.F.) é un servizo prioritario, e neste tempo de pandemia do COVID-19 coas limitacións que ten este concello en canto a medios impediu a tramitación do expediente de contratación para a adxudicación do servizo, por iso por medio da Providencia desta Alcaldía de data 01-09-2021 comezáronse os trámites, e por medio da Resolución da Alcaldía núm. 660/2021 de data 19-10-2021 acordouse o inicio do expediente de contratación 2021/C004/000001, sendo o obxecto do contrato a prestación do servizo de axuda no fogar no uso das competencias municipais que establece a Lei 13/2008 de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e o Decreto 99/2012 de 16 de marzo que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Emitido e asinado pola traballadora social na data de 10-09-2021 o informe de insuficiencia de medios e da necesidade, pola intervención municipal na data de 23-09-2021 emítese o estudo económico financeiro, no cal se establece o valor estimado do contrato de servizos e determina, entre outros aspectos, a competencia da Alcaldía como órgano de contratación. Pola dependencia de contratación o T.A.X. na data de 19-10-2021 emitiu o informe-memoria do servizo na que se xustifica o contrato, cualificado como administrativo de servizos, artigo 17 da LCSP, duración de 1 ano, a tramitar polo procedemento aberto, e cun valor estimado de 471.473,53 € e orzamento base de licitación de 490.332,47 €, a tramitar con licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público, non suxeito a regulación harmonizada e tramitación anticipada.

Redactado o prego de prescricións técnicas pola traballadora social na data 30-11-2021 e o prego de cláusulas administrativas particulares redactado polo técnico de administración xeral na data de 30-11-2021, e rematados os trámites previstos na LCSP someteuse aos informes preceptivos da Secretaría, emitido na data de 30-11-2021 e da Intervención, de data 01-12-2021, ámbolos dous en sentido favorable á súa aprobación.

Por todo o anterior, xustificada a insuficiencia de medios e a necesidade do contrato para a prestación do <<Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteceso>>, é vontade deste órgano de contratación aprobar o inicio do expediente de contratación dos referidos servizos polo procedemento aberto, tramitación ordinaria, non suxeito a regulación harmonizada, con multiplicidade de criterios de adxudicación, e tramitación e licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público.

A competencia propia da Alcaldía como órgano de contratación ven atribuída pola Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, LCSP, ao non sobrepasar o valor estimado

do contrato, cifrado en 471.473,53 €, o 10 por cento dos recursos ordinarios do vixente orzamento municipal, cifrados en 472.102,62 €, e ser a súa duración máxima de 1 ano, inferior á legalmente prevista. Se ben deberase ter en conta que tanto a aprobación do expediente como a súa adxudicación deberá ser sometida á Xunta de Goberno Local, órgano que ostenta a delegación de competencias da Alcaldía nesta materia, outorgadas pola Resolución da Alcaldía núm. 374/2019, do 26-06-2019, modificada pola Resolución da Alcaldía núm. 283/2020, de 11-05-2020.

Considerando que pola Resolución da Alcaldía número 789/2021, do 1 de decembro se avocou a competencia delegada na XGL, de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e se aprobou o expediente de contratación de servizos, art. 17 da LCSP, denominado <<Servizo de Axuda no Fogar (SAF) do Concello de Ponteceso>>, número 2021/C004/000001, cun valor estimado de 471.473,53 € e orzamento base de licitación de 490.332,47 €, a tramitar polo procedemento aberto, art. 156 e seguintes da LCSP, con multiplicidade de criterios de adxudicación, con licitación electrónica por medio da Plataforma de Contratos do Sector Público, non suxeito a regulación harmonizada e tramitación anticipada, así como aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que han de rexer a contratación mediante procedemento aberto do presente contrato de servizos.

Vista a acta da Mesa de Contratación do día 16/03/2022 pola que se acepta a xustificación da oferta con valores anormalmente baixos que presenta SENES CIT, SL e se eleva a súa proposta para a adxudicación do contrato, requiríndolle a presentación da documentación xustificativa dos requisitos previos, de dispor efectivamente dos medios ós que se comprometeu a adicar á execución do contrato, e de constituir a garantía definitiva polo importe do 5% do prezo de adxudicación, excluído o IVE, de conformidade con que establece a cláusula 17 do PCAP, no prazo de 10 días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, para a súa valoración e cualificación pola Mesa de Contratación.

Vista a acta da Mesa de Contratación do día 31/03/2022 pola que se lle presta a conformidade á documentación presentada por SENES CIT, SL en relación coa proposta de adxudicación do contrato <<Servizo de axuda no fogar (SAF) do Concello de Ponteceso>>, por considerala completa e xustificativa dos requisitos previos, de dispor efectivamente dos medios ós que se comprometeu a adicar á execución do contrato e de constituir a garantía definitiva polo 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE (19.952,06 €), de acordo co que establece a cláusula 17 do PCAP.

Tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade pola interventora municipal coa data 05/04/2022.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 06/04/2022 acordou adxudicar o contrato denominado: SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPEDIENTE 2021/C004/000001 á empresa que alcanzou a maior puntuación nos criterios de adxudicación, que se corresponde coa oferta presentada por SENES CIT, SL.

Con data 29/04/2022 (núm. rexistro de entrada 202299900000717) SON A TÚA AXUDA SLU interpón recurso especial en materia de contratación interposto contra o acordo de adxudicación do servizo de axuda no fogar (SAF), expediente 2021/C0004/00001 do Concello de Ponteceso.

Con data 01/06/2022 o TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA dita resolución número 102/2022 pola que resolve estimar parcialmente o recurso interposto por SON A TÚA AXUDA SLU contra o acordo de adxudicación do servizo de axuda no fogar (SAF), expediente 2021/C0004/00001 do Concello de Ponteceso e levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .

A Xunta de Goberno Local en sesión de 06/06/2022 acordou anular a adxudicación do servizo de axuda no fogar (SAF), expediente 2021/C0004/00001, do Concello de Ponteceso á empresa

SENES CIT, S.L e retrotraer o procedemento de licitación do expediente de contratación <<Servizo de axuda no fogar (SAF), expediente 2021/C0004/00001>> aos efectos de que polo órgano de contratación, por medio da mesa de contratación, se realice unha análise adecuada sobre a xustificación da oferta presentada pola empresa SENES CIT SL.

Con data 15/07/2022 o alcalde do Concello de Ponteceso dita providencia pola que se dispón que por parte da Intervención Municipal, en calidade de redactora da *MEMORIA ECONÓMICA JUSTIFICATIVA DEL PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN PARA LA CONTRATACIÓN DE LA PRESTACIÓN DEL SERVICIO DE AYUDA EN EL HOGAR DEL AYUNTAMIENTO DE PONTECESO*, emita informe en relación a xustificación da oferta temeraria por parte de SENES CIT,SL.

Con data 18/07/2022 a Intervención Municipal asina un informe no que se analizan os argumentos de SENES CIT, SL para xustificar os valores anormalmente baixos da súa oferta económica neste contrato, e que conclúe cos seguintes resultados:

<<De conformidade co exposto ao longo deste informe a oferta presentada por SENES CIT, SL con valores anormalmente baixos por importe de 2.089,03 € (o límite da oferta temeraria é de 401.130,31 € e a oferta presentada polo licitador SENES CIT, SL ascende a 399.041,28 €) é viable por canto permitiría dar cumprimento ao convenio colectivo de aplicación así como ao resto de aspectos recollidos no PCA aínda que cunha marxe de beneficio moi axustada. En canto a se esta reducida marxe de beneficio pode poñer en risco a axeitada prestación do servizo SAF a resposta debe ser negativa polos seguintes motivos:

1.- A acreditada solvencia económica de SENES CIT, SL permite unha marxe de beneficio máis reducida.

2.- A prestación de servizos co mesmo obxecto en zona xeográfica común permite reducir custes fixos.

3.- A experiencia demostrada no sector (coñecen perfectamente os custos de prestación do servizo) fan que SENES CIT, SL poida ofertar prezos máis axustados.

4.- O obxecto social de SENES CIT, SL, de conformidade co artigo 3 dos seus estatutos, non se limita á prestación do Servizo de Axuda no Fogar senón que se estende a outros ámbitos como a inclusión, reinserción, formación e participación social, socio laboral, socio sanitario, psicosocial, sociocultural, sociocomunitaria ou o deportivo, o cal permítelle diversificar o seu risco empresarial.>>

Vista a acta da Mesa de Contratación do día 20/07/2022 pola que se lle presta a aprobación ó contido deste informe de Intervención, no que se analizan os argumentos de SENES CIT, SL para xustificar a baixa temeraria no expediente de contratación número 2021/C004/000001.

Visto que con data 31/03/2022 a Mesa de Contratación prestou a súa conformidade á documentación presentada por SENES CIT, SL previa á adxudicación do contrato, a secretaria municipal considera que non é necesario requirirille de novo a presentación desta documentación, sendo suficiente con que se comprobé que o licitador segue cumprindo os requisitos para ser adxudicatario do contrato.

Por parte da Mesa de Contratación compróbase que SENES CIT SL está ó día coas obrigas tributarias e de Seguridade Social, segundo o certificado de inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, resultando que o certificado de estar ó corrente coa

Seguridade Social ten resultado negativo, polo que se lle fai o correspondente requirimento a SENES CIT, SL.

Visto que SENES CIT, SL coa data 21/07/2022 presenta no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso o correspondente certificado de estar ó día coas obrigas tributarias diante da Seguridade Social, vixente na actualidade.

Vista a acta da Mesa de Contratación do día 27/07/2022 pola que se declara completa a documentación presentada por SENES CIT, SL e polo tanto xustificadas os requisitos previos á contratación e se propón ó órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado: SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE PONTECESO, EXP. 2021/C004/000001 á empresa SENES CIT, SL.

Tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade pola interventora municipal coa data 27/07/2022.

Vista a delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local realizada por Resolución da Alcaldía núm. 379/2019 de data 26-06-2019, modificada por Resolución núm. 283/2020 de data 11-05-2020.

### **PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:**

**Primeiro.-** Adxudicar o contrato denominado: SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR (SAF). EXPEDIENTE 2021/C004/000001 á empresa que alcanzou a maior puntuación nos criterios de adxudicación, que se corresponde coa oferta presentada por SENES CIT, SL, cos seguintes termos:

#### **1. OFERTA ECONÓMICA:**

Prezo hora SAF BÁSICO sen IVE **16,08 €/hora**  
IVE aplicable **4 %**, importe IVE **0,64 €/hora**  
Prezo IVE incluído **16,72 €/ hora**

Prezo hora SAF DEPENDENCIA sen IVE **16,08 €/hora**  
IVE aplicable **4%** importe IVE **0,64€/hora**  
Prezo IVE incluído **16,72 €/hora**

#### **2. MELLORAS:**

Bolsa de horas gratuítas anuais de libre disposición para o concello: **600 horas anuais**

**Servizo de préstamo de axudas técnicas** para persoas en situación de dependencia ou dependencia temporal. Deberase indicar o número de axudas que pon a disposición do concello durante a duración do contrato, fotografía das mesmas e descrición. A xestión das axudas (entrega no domicilio, recollida, mantemento) será por conta da entidade concesionaria:

<u>Grupo de axudas técnicas</u>	<u>Características técnicas</u>	<u>Unidades ofertadas/ ano</u>
Grúa de mobilización persoal	Grúa activa de chan de elevación vertical para bipedestación e mobilización de doentes. Doble mando control: a distancia por cable extensor e consola no mástil para elevación, apertura e peche de chasis. Axuste eléctrico da altura e do chásis Sistema de agarre ergonómico: transverso e lixeiramente inclinado, permite o agarre por reflexo de aprehensión Soporte de pernas en silicona curvo e de gran tamaño	

	<p>autoaxustable a presión soporta as pernas e xoellos nun movemento. Cinturón de sujeción en silicona, á altura dos nocelos, para mellorar adaptabilidade. Agarre ergonómico para perfecto control do equipo Sistema IDB (Indicador de Descarga de Batería visual e audible) e contaminutos (tempo que funcionou o motor) Chasis con 4 rodas orientables de baixa fricción, as traseiras con freno.</p>	10
Camas articuladas	<p>Lonxitude total 201 cm Lonxitude do somier 196 cm.</p>	10

E demais condicións da súa oferta, conforme establecen os Pregos de Cláusulas Administrativas e de Prescricións Técnicas, ó considerar a súa oferta como a que presenta a mellor relación calidade-prezo.

**Segundo.-** Aprobar o gasto con cargo á partida 2022.231.22C.227.06 (RC'S núm. operación 220220001313//núm. referencia 22022000342 e núm. operación 220220001314//núm. referencia 22022000343).

**Terceiro.-** Nomear como responsable do contrato á traballadora social, Rosario Canosa Martínez, de acordo coa cláusula 23 do PCA, e advertirlle, segundo establece o artigo 62.1 da LCSP, da súa obriga de supervisar a execución, adoptar as decisión e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, tendo en conta especialmente as condicións especiais de execución a que se refire a dita cláusula.

**Cuarto.-** Notificar o acordo á responsable do contrato, empresas licitadoras e adxudicataria, e dado que este contrato é suceptible do recurso especial en material de contratación, regulado no artigo 44 da LCSP, a formalización non poderá efectuarse antes de que transcorran 15 días hábiles dende que se lles remita a notificación da adxudicación ás empresas licitadoras e adxudicataria. Unha vez transcorridos os 15 días hábiles sen que se interpoña o dito recurso que leve aparelado a suspensión da formalización do contrato, a adxudicataria deberá comparecer no Concello para a sinatura do contrato, debendo previamente comunicar o nome da persoa con poder suficiente para a súa sinatura, no nome e na representación da empresa, nun prazo non superior a 5 días hábiles dende o remate do prazo anterior.

O acordo de adxudicación publicárase nun prazo non superior a quince días tras o seu perfeccionamento no perfil do contratante do órgano de contratación, consonte ao art. 154.1 da LCSP.

**Quinto.-** Comunicar os datos básicos do contrato ó Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto na Lei 9/2017 de contratos do sector público.

**Sexto.-** Dar conta deste acordo ó Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.

Ponteceso, na data da sinatura dixital.

O alcalde

Xosé Lois García Carballido"



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta, elevándoa a acordo nos seus propios termos.

**2.3. Dar conta da aprobación do expediente de contratación do servizo “programa Respira”, por Decreto 531/2022 de data 22/07/2022. Expte. 2022/C004/000003.**

Dase conta do Decreto da Alcaldía 531/2022 de data 22/07/2022, que se transcribe literalmente:

**“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO PROGRAMA RESPIRA, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA**

**EXPEDIENTE: 2022/C004/00003**

**ANTECEDENTES:**

O Concello de Ponteceso non conta con persoal nin medios suficientes para prestar directamente o servizo: PROGRAMA RESPIRA e así se acredita no informe de necesidade emitido pola concelleira de servizos sociais en data 21/07/2022, cumprindo así o establecido no artigo 116.4.) da LCSP.

Tendo en conta a natureza das actuacións, estamos ante un contrato administrativo de servizos regulado no art. 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público (en diante LCSP).

O prezo do contrato calculouse segundo o establecido no artigo 100 da LCSP, e consta desagregado no prego de prescricións técnicas particulares.

Visto que o orzamento, como máximo, ascende a contía de 21.827,52 euros (IVE excluído), estímase procedente a contratación mediante procedemento aberto simplificado abreviado, por razón da contía (art. 159.6 LCSP), así coma por mor da axilidade e celeridade na contratación necesaria no presente caso dado que o servizo debe estar adxudicado antes do remate do verán.

Visto o prego de prescricións técnicas proposto pola concelleira de servizos sociais, de data 21/07/2022, e o prego de cláusulas administrativas particulares proposto pola Alcaldía, de data 21/07/2022, que consta no expediente.

Logo de ver a existencia de crédito orzamentario suficiente, certificado no RC da Intervención municipal na aplicación orzamentaria: 2022.231.227.99, polo importe de 8.203,23 euros.

Consta informe favorable emitido pola Secretaría municipal en data 21/07/2022.

Consta informe favorable emitido pola Intervención municipal en data 22/07/2022.

Vista a delegación de competencias feita pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por Decreto núm. 374/2019, modificado por Decreto núm. 283/2020, o órgano competente para a aprobación do expediente de contratación é a Xunta de Goberno Local.

Tendo en conta a data de remate do campamento, e que a Xunta de Goberno Local non se reúne en sesión ordinaria ata o 01/08/2022, concorren razóns de urxencia para avocar a competencia e aprobar o expediente por resolución da Alcaldía.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade coa Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar as competencias en materia de contratación delegadas na Xunta de Goberno Local para ese caso concreto, en virtude do disposto no artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro. Darase conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que celebre.

Segundo.- Aprobar o expediente e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, por procedemento aberto simplificado abreviado, tramitación ordinaria, do servizo de campamento de verán PROGRAMA RESPIRA do Concello de Ponteceso, por importe de 24.010,27 euros.

Dispónse a apertura do procedemento de adjudicación na modalidade de procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinaria.

Terceiro.- Autorizar un gasto por importe de 8.2013,23 euros con cargo á aplicación orzamentaria: 2022.231.227.99 do vixente Orzamento municipal.

Cuarto.- Publicar o anuncio de licitación, o prego de cláusulas administrativas particulares e as prescricións técnicas no Perfil do contratante e na plataforma de contratación do estado.

Ante min, a secretaria en réxime de acumulación, para os efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018.

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican na marxe.”

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

### **3.- Solicitud de subvencions**

**3.1.- Dar conta da solicitude de subvencions ó abeiro da resolución do 23 de xuño de 2022 de Augas de Galicia (DOG número 130, 08/07/2022) para a realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, por Decreto da Alcaldía 519/2022 de data 19-07-2022. Expte. 2022/A008/000032.**

Dase conta do Decreto da Alcaldía 519/2022 de data 19-07-2022, que se transcribe literalmente:

#### **“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO:** SOLICITUDE DE SUBVENCIONS Ó ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 23 DE XUÑO DE 2022 DE AUGAS DE GALICIA (DOG NÚMERO 130, 08/07/2022) PARA A REALIZACIÓN DE AUDITORÍAS MUNICIPAIS DE ABASTECIMIENTO ENCAMIÑADAS Á ELABORACIÓN DE PLANS DE ACTUACIÓN PARA MINIMIZAR AS PERDAS DE AUGA.

**EXPEDIENTE:**2022/G003/000556

#### **ANTECEDENTES:**

Vista a Resolución do 23 de xuño de 2022 de Augas de Galicia pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencions aos concellos, en réxime de concorrencia non

competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2022.

Vista a memoria valorada asinada polo enxeñeiro de edificacións e arquitecto técnico dos Servizos Técnicos Municipais, Ernesto Fernando Calvo Pérez, do día 18/07/2022, por importe de 9.922,00 euros, IVE incluído.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Avocar, de conformidade co artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a delegación atribuída á XGL, única e exclusivamente para a adopción da solicitude da presente subvención a AUGAS DE GALICIA para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2022, motivada pola urxencia da súa solicitude, xa que a súa concesión é en réxime de concorrencia non competitiva e ante a imposibilidade de celebrar a XGL nesta semana.

**Segundo:** Solicitar unha subvención a Augas de Galicia por importe de 7.937,60 euros (80% do gasto subvencionable -9.922,00 €-), segundo establece o artigo 7 da Resolución do 23 de xuño de 2022 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á realización de auditorías municipais de abastecemento encamiñadas á elaboración de plans de actuacións para minimizar as perdas de auga, e se convocan para o ano 2022.

**Terceiro:** Aceptar as condicións e demais requisitos establecidos na Resolución da convocatoria.

**Cuarto:** Que o Concello de Ponteceso non está incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario dunha subvención establecidas nos números 2 e 3 do art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia; está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social e non ten pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, estando asimesmo ó corrente no pago de obrigas por reintegro de subvencións.

**Quinto:** Dar traslado da presente Resolución aos distintos servizos administrativos do Concello, e dar conta ao Pleno da Corporación e á Xunta de Goberno Local na primeira sesión que teña lugar.

Ante min, a secretaria en réxime de acumulación, para os efectos do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018

Documento asinado dixitalmente na data e polas persoas que se indican ao marxe.”

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia remata a sesión ás 10:38 horas do día sinalado no encabezamento, redactándose a presente acta, do que como secretaria dou fe, asinandoa xunto co alcalde.

O alcalde

A secretaria de Xermade en réxime de acumulación de funcións  
no Concello de Ponteceso

Xosé Lois García Carballido

M.<sup>a</sup> Cristina Varela García

Documento asinado electrónicamente á marxe.